

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL

Tras a aprobación inicial polo Pleno da Corporación do Concello de Lalín do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Municipal de Benestar Social, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2015, e dado que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 procédese á publicación do texto íntegro do regulamento.

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE LALÍN

CAPÍTULO I . NATUREZA E OBXECTO

Artigo 1. Denominación e obxecto

1. O Consello Municipal de Benestar Social (en adiante CMBS) constitúese como un órgano de participación de carácter consultivo e de participación no ámbito do Benestar Social do Concello de Lalín.

2. O presente regulamento ten por obxecto establecer a composición, estrutura e funcións do CMBS no marco da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, como órgano consultivo e de participación do sistema galego de servizos sociais do Concello de Lalín.

3. No non previsto no presente regulamento será de aplicación o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como tamén na Lei 16/2010, de 7 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeneral e do sector público autonómico de Galicia.



Artigo 2. Natureza e sede

1. O CMBS é un órgano consultivo e de participación das/os veciñas/os de Lalín nos servizos sociais municipais, e adscríbese á Concellería de Benestar Social, competente na materia dos servizos sociais, que garantirá o seu funcionamento administrativo e organizativo.

2. Terá a súa sede nas dependencias administrativas do Concello de Lalín, aínda que poderá celebrar as súas reunións en calquera dependencia municipal ou allea, cando así o decida a presidencia.

Artigo 3. Ámbito de actuación

O CMBS é competente para abordar calquera materia relacionada co Benestar Social dentro das competencias municipais.

Artigo 4. Funcións e competencias

1. As funcións do CMBS son as seguintes:

a) Fomentar a participación da cidadanía e a promoción da calidade de vida no seu ámbito de actuación.

b) Fomentar a participación directa das persoas, entidades e sectores interesados establecendo mecanismos de información, estímulo e seguimento das accións acordadas.

c) Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración entre organizacións.

d) Fomentar a aplicación de políticas e actuacións municipais integrais encamiñadas á defensa dos dereitos das persoas.

e) Potenciar a coordinación entre as diferentes institucións ou entidades que actúen no ámbito do Benestar Social.

f) Promover a investigación en Benestar Social municipal mediante a realización de estudos, informes e actuacións vinculadas ao ámbito en cuestión.

g) Coñecer a xestión dos servizos sociais municipais.

h) Fomentar o establecemento de sistemas de consulta e debate abertos a toda a cidadanía e, de xeito particular, con outras administracións públicas e coas persoas usuarias e sectores directamente afectados.



i) O seguimento estatístico, tanto dos procesos de concesión das axudas e prestacións coma da correcta aplicación das medidas e procesos de xestión, vencellados á xestión integral do departamento de servizos sociais e demais áreas da súa competencia.

j) Elaborar e/ou modificar o presente regulamento.

k) Propoñer actuacións destinadas a mellorar a política municipal en materia de servizos sociais e, en especial, a información e intercambio de experiencias entre os e as profesionais e persoas investigadoras na materia.

l) O CMBS elaborará unha memoria anual sobre os asuntos de maior relevancia tratados no ámbito do mesmo.

2. Nos seus informes, ditames, e propostas o CMBS terá en consideración a perspectiva de xénero.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E COMPOSICIÓN

Artigo 5. Presidencia

A Presidencia será ostentada polo/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a de Benestar Social de forma delegada. A persoa que ostente a Presidencia exercerá a mesma tanto no Pleno como na Comisión Permanente.

Son funcións da Presidencia:

- a) Exercer a máis alta representación institucional do CMBS.
- b) Presidir e convocar o Pleno do CMBS e, no seu caso, a Comisión Permanente.
- c) Fixar e formular a orden do día e presidir e moderar o desenvolvemento dos debates.
- d) Visar as actas e dar cumprimento aos fins propios do CMBS.
- e) Atender e tramitar as propostas sobre as incidencias da actividade en Benestar Social formuladas dende os órganos representativos.
- f) Informar ao CMBS das propostas de plans e programas de actuación que afecten no seu ámbito.
- g) Elevar aos órganos municipais que correspondan as propostas do CMBS e dar conta de se foron valoradas, atendidas e se non o foron, dar conta dos motivos.



Artigo 6. Pleno do CMBS

1. Presidente.

2. Vogais:

a) Un representante por cada un dos grupos políticos que forman parte da Corporación.

b) Representantes das entidades cidadáns e asociacións relacionadas co sector e con interese no Benestar Social. Ditas entidades designarán e comunicarán por escrito á Secretaría os nomes dos voceiros e suplentes que ostentarán a representatividade.

c) Representantes doutras Institucións directamente vinculadas coa área obxecto do CMBS e que previamente e por escrito manifestaran a súa vontade de participación como membros do CMBS, facilitando os nomes de voceiro e suplente.

d) Poderán formar parte do CMBS, a título individual, expertos e profesionais de contrastada valía dentro do sector específico do CMBS a proposta da maioría do mesmo.

e) Representantes do Departamento de Benestar Social na persoa do seu Xefe/a de Servizo ou Coordinador/a. No caso de non existir ditos cargos será nomeado/a directamente polo Concelleiro/a competente.

Esixirase que as entidades cidadáns e asociación relacionadas co sector estén legalmete constituídas, inscritas no rexistro de Entidades prestadoras de SS.SS e no Rexistro de Asociacións do Concello e que os fins e obxectivos dos seus estatutos fundacionais garden relación coas competencias do Consello.

A admisión doutras insitucións directamente vinculadas coa área, deberá ser sometida a súa admisión, a votación.

Poderán ser chamados a participar como vogais temporais se así se acorda no CMBS representantes doutras actividades profesionais ou colectivos como Colexios Profesionais (Traballadores Sociais, Psicólogos, Pedagogos, Avogados...), Representantes de Sindicatos, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Administración de Xustiza, Xunta de Galicia (Consellerías con competencias en SS.SS) e Provinciais.

3. Secretaría.

Que será exercida por un funcionario/traballador municipal con voz pero sen voto, correspondente ao cadro de persoal técnico do Departamento de Benestar Social.



Son funcións da Secretaría:

- a) Asistir á Presidencia en todos aqueles asuntos para os que se lle requira inherentes á súa condición.
- b) Asistir aos órganos do Consello con voz pero sen voto.
- c) Confeccionar e enviar a convocatoria das sesións por orde da Presidencia.
- d) Levantar actas das sesións dos órganos do Consello.
- e) Custodiar documentos e actas.
- f) Cantas outras funcións lle sexan encomendadas polos órganos do Consello de acordo coa lexislación de Réxime Local.

CAPÍTULO III. FUNCIONAMENTO

Artigo 7. Periodicidade

O Pleno do Consello reunirase como mínimo unha vez por trimestre.

Poderán celebrarse convocatorias extraordinarias, cunha orde do día pechada, sempre que o solicite o presidente ou polo menos un tercio das asociacións representadas.

Artigo 8. Convocatoria das sesións

A convocatoria das sesións corresponde á Presidencia do Consello.

A Secretaría remitirá comunicación cunha orde do día provisional co fin de que os membros do CMBS poidan facer propostas a dita orde, así como presentar documentación ou aportacións.

Posteriormente a Presidencia convocará as sesións. En dita convocatoria definitiva figurará a orde do día final, así como a documentación e as aportacións dos membros.

A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias farase con 15 días naturais de antelación á celebración da sesión. De xeito excepcional e por razóns de urxencia poderán convocarse sesións extraordinarias con 3 días naturais de antelación.



Artigo 9. Quorum de asistencia

Para a válida celebración das sesións do Pleno do Consello requírese a asistencia da Presidencia e da Secretaria e de polo menos a metade máis un dos membros representantes das asociacións. Se o quorum non alcanzase a sesión constituirase en segunda convocatoria media hora máis tarde, sendo suficiente a asistencia da terceira parte dos membros das Asociacións máis a Presidencia e a Secretaría.

Artigo 10. Deliberacións

A Presidencia, no exercicio das súas funcións, dirixirá as sesións, ordenará os debates e adoptará as medidas convenientes para garantir a boa orde das reunións.

Artigo 11. Votación

Os acordos e resolucións adoptaranse por maioría simple dos membros que teñan dereito a voto. En caso de empate a Presidencia terá voto de calidade.

Artigo 12. Acordos e ditames do CMBS

Os dictames do CMBS ao ter un carácter consultivo e de participación cidadá, terán unha importancia singular, constituíndo directrices co rango de recomendacións para os órganos do goberno municipal, que terá que dar resposta ás recomendacións do CMBS sexan aceptadas, rexeitadas ou modificadas.

Artigo 13. Actas

A Secretaría do CMBS tomará actas das sesións. Serán sometidas a aprobación do CMBS na seguinte reunión que se celebre.

As actas serán públicas e estarán a disposición da cidadanía no Concello e na web municipal.

Artigo 14. Ausencias reiteradas

Anualmente levarase a cabo unha revisión das entidades que durante ese período non teñan acudido a ningunha das sesións. Se non existira xustificación das ausencias perderían o seu dereito a estar no Consello, salvo que mediante escrito manifesten a súa intención de seguir participando no CMBS.



Artigo 15. Representación equilibrada de homes e mulleres

Na composición do CMBS velarase por garantir unha representación equilibrada de homes e mulleres. A estes efectos, tal e como establece a Lei 4/2005 de Igualdade de Mulleres e Homes, entendese que existe representación equilibrada cando cada sexo estea representado polo menos ao 40%.

Disposición adicional única. Impacto orzamentario

A constitución e posta en funcionamento dos órganos colexiados regulados neste regulamento non xerará aumento dos créditos orzamentarios para a Concellería de Benestar Social. Por conseguinte, os membros que do CMBS non percibirán indemnizacións pola asistencia as súas reunións.

Disposición final primeira. Execución normativa

A persoa titular da Concellería competente en materia de servizos sociais adoptará cantos actos administrativos sexan necesarios para a execución deste regulamento.

Disposición final segunda

Este Regulamento entrará en vigor, unha vez aprobado polo Pleno Municipal, a aos vinte días da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

Disposición final terceira

Os membros da Comisión serán conscientes do delicado da materia que se trata neste Consello que afecta a puntos moi sensibles da vida das persoas polo que contemplarán no exercicio das súas funcións como membros deste CMBS non revelar nunca datos individuais e respectar a Lei de Protección de Datos.

Lalin, 7 de xaneiro de 2016.—O Alcalde, Rafael Cuíña Aparicio.

